



PARLAMENTO
DE GALICIA



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Serie Deputación Permanente
Número 2

Sesión da Deputación Permanente
30 de xullo de 2021

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



CSV: BOPGDSPG-xFkyNvHYw-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



ORDE DO DÍA

Punto único. Solicitude das deputadas e deputados do G.P. do Bloque Nacionalista Galego de celebración urxente dunha reunión da Deputación Permanente para que se proceda á convocatoria dun pleno extraordinario que inclúa na orde do día a comparecencia do conselleiro de Sanidade para informar sobre as medidas para frear a quinta onda da covid-19, o colapso da atención primaria e dos servizos de urxencias e o funcionamento do sistema de rastrexo de persoas positivas (doc. núm. 19105; 11/SCDP-000005).



SUMARIO

Ábrese a sesión ás doce e dous minutos do mediodía.

O señor presidente abre a sesión da Deputación Permanente e prégalle á señora secretaria (Prado Cores) que proceda á comprobación da asistencia. (Páx. 4.)

A señora secretaria (Prado Cores) comproba a presenza dos membros da Deputación Permanente e, se é o caso, das substitucións producidas. (Páx. 4.)

Logo de verificada a existencia de quórum, o señor presidente comeza co desenvolvemento da orde do día, que consta dun punto único. (Páx. 4.)

Solicitud das deputadas e dos deputados do G. P. do Bloque Nacionalista Galego de celebración urxente dunha reunión da Deputación Permanente para que se proceda á convocatoria dun pleno extraordinario que inclúa na orde do día a comparecencia do conselleiro de Sanidade para informar sobre as medidas para frear a quinta onda da covid-19, o colapso da atención primaria e dos servizos de urxencias e o funcionamento do sistema de rastrexo de persoas positivas

O señor presidente explica a ordenación do debate. (Páx. 4.)

Rolda do grupo parlamentario propoñente: Sra. Prado Cores (BNG). (Páx. 5.)

Rolda dos grupos parlamentarios non propoñentes: Sr. Arangüena Fernández (S) (Páx. 8.) e Sr. Puy Fraga (P). (Páx. 11.)

Rolda de peche do grupo parlamentario propoñente: Sra. Prado Cores (BNG). (Páx. 14.)

Rematado o debate, o señor presidente somete á votación a solicitude incluída na orde do día. (Páx. 16.)

Votación da solicitude das deputadas e deputados do G. P. do Bloque Nacionalista Galego para que se proceda á convocatoria dun pleno extraordinario que inclúa na orde do día a comparecencia do conselleiro de Sanidade para informar sobre as medidas para frear a quinta onda da covid-19, o colapso da atención primaria e dos servizos de urxencia e o funcionamento do sistema de rastrexo de persoas positivas: aprobada por 23 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención. (Páx. 16.)

Remata a sesión ás doce e corenta e cinco minutos do mediodía.



Ábrese a sesión ás doce e dous minutos do mediodía.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Imos dar comezo á sesión da Deputación Permanente. Prégolle á secretaria a comprobación de asistencias.

A señora SECRETARIA (Prado Cores): Moi bo día.

Pablo Arangüena Fernández: Si.

Xosé Luís Bará Torres: Si.

Gonzalo Caballero Miguez (*Substituído por Paloma Castro Rey.*)

María Elena Candia López: Si.

Francisco José Conde López (*Substituído por José Manuel Balseiro Orol.*)

María Sol Díaz Mouteira (*Substituída por Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez.*)

Manuel Antonio Lourenzo Sobral: Si.

Alberto Núñez Feijóo (*Substituído por José Alberto Pazos Couñago.*)

Marina Ortega Otero: Si.

Patricia Otero Rodríguez: Si.

Ana Pontón Mondelo (*Substituída por Mercedes Queixas Zas.*)

María Corina Porro Martínez: Si.

Paula Prado del Río: Si.

Noa Presas Bergantiños: Si.

Pedro Puy Fraga: Si.

José Manuel Rey Varela: Si.

Olalla Rodil Fernández: Si.

Alfonso Rueda Valenzuela (*Substituído por Teresa Egerique Mosquera.*)

Miguel Ángel Tellado Filgueira: Si.

María Ángeles Vázquez Mejuto (*Substituída por Carmen M^a Pomar Tojo.*)

Estando presente o presidente, Miguel Ángel Santalices Vieira, o vicepresidente, Diego Calvo Pouso, e a secretaria, Montserrat Prado Cores, hai quórum.

O señor PRESIDENTE: Grazas, secretaria.

A orde do día consta dun único punto.

Solicitud das deputadas e dos deputados do G. P. do Bloque Nacionalista Galego de celebración urxente dunha reunión da Deputación Permanente para que se proceda á convocatoria dun pleno extraordinario que inclúa na orde do día a comparecencia do conselleiro de Sanidade para informar sobre as medidas para frear a quinta onda da covid-19, o colapso da atención primaria e dos servizos de urxencias e o funcionamento do sistema de rastrexo de persoas positivas

O señor PRESIDENTE: O debate farase do seguinte xeito: primeiro, unha rolda do grupo parlamentario propoñente, por un tempo de dez minutos; logo unha rolda dos grupos parla-



mentarios non proponentes para fixar a súa posición, por un tempo de dez minutos cada un; e unha rolda de peche para o grupo parlamentario proponente, por un tempo de cinco minutos.

Polo tanto, comezamos.

Polo grupo parlamentario proponente, ten a palabra dona María Monserrat Prado Cores, por un tempo de dez minutos.

A señora PRADO CORES: Grazas, presidente.

Moi bo día.

O BNG solicitou a reunión da Deputación Permanente para que o conselleiro de Sanidade compareza en pleno. Fixemos esta petición dado que o contexto da situación epidemiolóxica segue empeorando, cunha auténtica explosión de contaxios e un medre exponencial. Diante da situación de Galiza, inmersa de cheo nunha quinta onda de incidencia da covid-19, a comparecencia do conselleiro é máis que precisa, desde o noso punto de vista, para explicar cal é a situación e as medidas tomadas polo Executivo galego ante esta evolución do virus.

As competencias en sanidade son da Xunta de Galiza, e o Partido Popular ten que asumilas e actuar para, nalgún momento, ir por diante do virus e non permanentemente detrás. E claramente na actualidade, estamos indo por detrás, igual que na maior parte dos dezaseis meses que leva a pandemia.

A partir desta noite a maioría dos galegos e das galegas —o 65 %, dous de cada tres— van estar en restricións altas, e as cifras que arroxa hoxe o virus, desde logo, son preocupantes. Segue habendo novos positivos diarios que non baixan dos dous mil —no día de onte, en concreto, 1.223—; unha incidencia acumulada moi importante; persoas positivas coas que case xa chegamos aos 20.000 —18.885—; un nivel de incidencias a sete días que supera a media do Estado; un nivel de positividade case do triplo do que a Organización Mundial de Saúde recomenda para ter controlada a pandemia; as persoas hospitalizadas tamén seguen medrando cada día —xa están en 266, 36 en UCI—; e hai 18.583 persoas ás que se lles está facendo seguimento desde a atención primaria.

Polo tanto, parece que estes datos aconsellan que haxa hoxe esta comparecencia, porque máis alá de estar a Xunta instalada no vitimismo, de dar roldas de prensa nas que o elemento principal é poñer o acento no que depende dos demais, na responsabilidade individual ou en non ter vacinas, ten que dar conta o Goberno galego de que é o que está facendo coas moitas competencias que si ten.

Por iso pedimos a comparecencia do conselleiro, para que veña explicar a este Parlamento, primeiro, por que non hai rastrexadores en número suficiente, porque a súa ausencia fai que se faga este traballo desde a atención primaria e que a atención primaria estea totalmente colapsada, sen mans para mais, e téntase suplir esa deficiencia de rastrexadores cunha autotoxestión de tests de antíxenos por parte da cidadanía. Desde logo, no BNG seguimos sor-



prendidos de que dezaseis meses de pandemia despois nos atopemos con que a Xunta de Galicia aínda non teña o sistema de rastrexo eficiente, cando se ten verificado que o máis eficiente na loita contra o coronavirus é a localización, o seguimento e o illamento das persoas positivas e dos seus contactos; é dicir, ir por diante do virus e non por detrás.

A pesar desa constatación, desa situación, ese labor en Galicia é caótico, errático e sen coordinación. Hai descoordinación no control de seguimento de positivos, nos illamentos e nas corentenas, o que está xerando unha desconfianza brutal na poboación. Atopámonos con que tiñan practicamente desarticulado o sistema de rastrexo, porque, se non, non ten ningunha explicación que a Xunta hai uns días mande un comunicado dicindo que acaba de contratar douscentos e algo. Iso significa que non estaban, o cal é unha auténtica temeridade, cargándolle á atención primaria ese labor, cando están ao límite.

A comparecencia é precisa, cremos, para explicar a que agardan para poñer en marcha ese sistema de rastrexo con persoal suficiente e formado, na vez de ter profesionais de primaria facendo ese labor, cando xa non poden máis. E é precisa para dar conta de se son efectivos os protocolos que se están aplicando á hora de considerar contactos estreitos as persoas que están en contacto cun positivo, dado que a variante Delta do virus, e predominante neste momento, é moito máis contaxiosa e resistente. Chama a atención a descoordinación a respecto deste tema. O propio presidente da Xunta dixo que a variante Delta do virus é moito máis contaxiosa que o virus tradicional e que se transmite en cuestións de segundos. Pero, a pesar de ser isto así, resulta que se está cun sistema de rastrexo onde hai persoas ás que non as chama ninguén, contactos de positivos aos que non os chama ninguén ou que os chaman de alí a varios días, persoas ás que se lles di que son contactos directos e ás que non se lles dá ningunha indicación e persoas ás que se lles di que, se están vacinadas, aínda que estiveran en contacto directo cun positivo, non fagan absolutamente nada, que sigan a súa vida normal, a pesar desta cuestión de que é moitísimo máis contaxiosa a variante Delta. E non sabemos se o protocolo que se estaba aplicando de ser necesarios quince minutos e unha distancia de dous metros sen máscara segue sendo efectivo diante desta variante. O que si é evidente é que non se están tomado medidas acordes coas características da mesma.

Polo tanto, hai que explicar por que a algunhas persoas se lles indica corentena e a outras, nas mesmas circunstancias, non e por que a uns concellos cuns índices de contaxios se lles poñen restricións altas e a outros coas mesmas características, non. É dicir, todo un auténtico despropósito. Hai persoas desesperadas ante a falta de instrucións sobre o que deben facer, ao non ter ningún tipo de explicación, ao serlles practicamente imposible contactar con ese número de rastrexo e ao estar os centros de saúde colapsados —e o das chamadas—, co cal, a poboación séntese totalmente desasistida.

Cremos que estas cuestións serían as que debería vir o conselleiro explicar aquí, ao Parlamento, e dicir que se está facendo diante desa situación.

Tamén debería vir explicar por que non se reforza a sanidade pública, en especial, a atención primaria. En plena quinta onda, os profesionais, exhaustos, ven como non só non se reforza o número de profesionais, sobre todo naquelas zonas onde hai unha afluencia de poboación polo tema do verán, senón que, moi ao contrario, ven drasticamente reducidos os cadros de



persoal. Nalgúns casos co 40 % ou o 50 % do cadro de persoal teñen que atender a moitísima máis poboación, ademais de estar atendendo a multiplicación de casos positivos por covid.

Entón, un aumento de presión asistencial multiplica a demanda, sobre todo neses concellos onde hai afluencia de turismo, sen que vexamos ningunha actuación por parte da Xunta de Galiza. Isto, ¿que fai? Que a situación na que están os profesionais sexa unha situación límite, desde os celadores, os PSX, pasando por enfermería, auxiliares e chegando ao persoal facultativo.

En concellos turísticos con aumento de poboación no verán xa non é que non reforcen persoal, que sería o normal, senón que o reducen drasticamente. Teñen axendas de 70 ou 80 doentes en quenda de mañá, como teñen denunciado profesionais nestes días; teñen que asumir a atención habitual, a dos crónicos, os doentes dos profesionais que non son substituídos, os desprazados, as urxencias, ademais do proceso de vacinación, de facer o diagnóstico e o seguimento das persoas positivas pola covid...; é dicir, todo isto, e a maiores nos centros de saúde teñen que habilitar a chave 365 ou os certificados de vacinación. Todo un despropósito. É imposible facer todo isto cos cadros de persoal reducidos á mínima expresión.

Se era difícil atender a presión asistencial e máis demanda antes desta quinta onda, é evidente que neste contexto de non substitución de persoal polas vacacións é totalmente imposible, e as consecuencias están á vista. Insisto, o persoal está exhausto e a poboación, sen a atención debida: doentes desatendidos, non continuidade na asistencia, cada día son atendidos —cando son atendidos— por un profesional distinto, listas de espera de varias semanas para ter unha cita telefónica... Dende logo, inaceptable.

Diante disto, desta saturación, nós cremos que o Partido Popular está poñendo en risco a saúde física e mental dos profesionais e da poboación coa situación na que ten a sanidade pública, pero, en especial, a atención primaria, e, lonxe de aportar solucións, o que fai é intentar enfrontar a poboación cos profesionais da sanidade pública. E un claro exemplo é o que vén de facer o alcalde de Sanxenxo —destacado militante do Partido Popular—, que acusou o persoal do PAC de Baltar de facer política tras desatender o seu traballo profesional. Consideramos que é un exercicio de auténtica mesquindade por parte deste alcalde. Por iso, o BNG demandámoslle ao Partido Popular que defenda a profesionalidade do persoal do Sergas e que, polo tanto, desautorice a Telmo Martín e lle exixa rectificación e respecto polo labor que realizan os profesionais; uns profesionais que non teñen mans para máis, xa que no Centro de Saúde de Baltar hai tres médicos de familia que están facendo o traballo de dez, a pesar de que a súa poboación se multiplicase —está multiplicada no verán—, cun aumento de contaxios exponencial. En Sanxenxo hai un nivel de incidencia moi por encima dos mil, e estano facendo xa non con reforzo —cando o habitual era que no verán se aumentaran dous equipos cun médico e dúas enfermeira—, senón cun cadro de persoal mermado. Por iso, exixímoslle ao Partido Popular rectificación, e, de non facelo, desde logo, será que avala estas declaracións.

Tamén queremos que compareza o conselleiro para que explique que pasou coa autocita para mozos de 16 e 19 anos...;



O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...como se convocou; como se trasladou a información á poboación para garantir igualdade de condicións no acceso á vacina; como se fixo unha autocita para vacinar a xente moza o mesmo día que o presidente da Xunta comparecía dicindo que non había antídoto para outras persoas; por que esa franxa de idade concreta e non a convocatoria para toda a xente moza; por que o Sergas activou esta autocita para menores de 20 anos o mércores 21, á última hora da tarde, sen previo aviso, cando ese mesmo día o conselleiro de Sanidade insistía en que o criterio prioritario era a idade e a excepción era para casos concretos como o tema dos Erasmus, cando o presidente da Xunta dixo insistentemente que non había dispoñibilidade de vacinas. ¿Como é posible que fixeran esta autocita para os de 16-19 anos cando a incidencia acumulada é superior nos de 20 a 29? Dende logo, son cuestións das que a poboación quere e precisa unha explicación.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: Polo tanto, sobran as razóns —e remato, presidente— para que o conselleiro de Sanidade compareza no Parlamento diante da gravidade desta situación. Consideramos que é precisa esa comparecencia para dar conta das actuacións, frear esta cadea de brutais contaxios e non seguir poñendo en risco a saúde e a vida da poboación.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Arangüena.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

A Xunta de Galicia conta nesta pandemia cunha oposición do PSdeG que foi moito máis leal que a do PP a nivel nacional, e a proba é que asumimos cada unha das decisións sanitarias respaldadas polo Comité Clínico sen discutilas nin facelas obxecto de refrega política, a diferenza do que sucede en Madrid, cun Partido Popular que fai política coa pandemia e pon en cuestión gran parte das decisións sanitarias que se adoptan. E cando o presidente da Xunta anuncia —como fixo hai dez días— novas restricións, nós non fixemos nin faremos o mesmo que fan Ayuso e Casado en Madrid, porque Feijóo ten a sorte de contar na oposición cun PSdeG que apoia e non discute as decisións sanitarias respaldadas por criterios técnicos.

Pero si nos preocupa comprobar, nos datos publicados polo Ministerio este luns, que Galicia era a terceira comunidade con máis incidencia pola covid entre os 20 e os 29 anos, que tamén estaba entre as máis castigadas polo coronavirus na franxa de entre os 12 e os 19 e que estaba moi por riba da media española na media xeral de todas as idades. Tal e como sinalaba o titular dun medio galego: «Galicia es la tercera comunidad con más incidencia del covid entre 20 y 29 años. También está entre las más castigadas por el coronavirus en la franja de entre 12 y 19 y muy por encima de la media española.» En concreto, este luns Galicia tiña 2.543 casos por 100.000 habitantes, cando a media estatal estaba en 1.875. E antonte, no último informe publicado



polo Ministerio de Sanidade, 346 casos en Galicia fronte aos 323 por 100.000 habitantes no conxunto de España. E na franxa de entre 20 e 29 anos, onde o luns eramos os antepenúltimos, o mércores eramos os penúltimos; é dicir, a segunda comunidade de España cos peores datos, por detrás de Navarra.

Son cifras non alarmantes, pero si preocupantes, que o conselleiro debería explicar, sobre todo se engadimos o feito de que, segundo o último informe do Instituto Carlos III, Galicia é a terceira comunidade do Estado pola cola na detección da orixe dos contaxios, só por detrás de Baleares e Cataluña, porque no 46,7 % dos casos non se determina en Galicia a orixe do contaxio, e a Comunidade Autónoma nin sequera proporciona información sobre o número de contaxios que identifica por cada caso no que detecta a orixe, o cal indica ben ás claras que o sistema de rastrexo en Galicia comparativamente, en termos relativos, está sendo un fracaso.

Lembremos que o señor Feijóo mentiu nesta Cámara —como ten por costume— cando dixo o ano pasado que había 6.152 rastrexadores en Galicia. Finalmente acabou dicindo que había 700, dos cales sabemos con certeza que había 300 proporcionados polo Exército, pero os restantes 400 eran unha incógnita, aínda que si sabemos pola prensa —soubemos pola prensa— que había unha empresa en Bergondo á que a Xunta lle subcontrataba rastrexadores en condicións laborais moi malas, sen formación e desbordados. E cando o señor Feijóo dixo que había 700, en realidade só había 120 nesa empresa e 300 no Exército, que suman 420, e non 700. Polo tanto, o señor Feijóo mentiu por segunda vez no número de rastrexadores.

E cando un xornal lle preguntou nunha entrevista ao señor conselleiro cantos rastrexadores había, dixo que non ía contestar esa pregunta, e cando lle preguntamos directamente nesta Cámara cantos rastrexadores hai en Galicia, dixo que non sabía o que era un rastrexador. Un auténtico festival da desinformación, case á altura da Rusia de Vladimir Putin. E no día de hoxe seguimos sen saber nada do número de rastrexadores, cousa insólita nunha democracia, pero si sabemos que os datos indican que o sistema de rastrexo en Galicia non funciona. Alguén pode pensar que iso non importa porque en España o proceso de vacinación certamente vai moi ben, pero é evidente que nós non nos podemos descoidar porque pode haber mutación e, de feito, moitos científicos prognostican que haberá mutacións perigosas.

España está sendo nos últimos tempos —entre os países de certo tamaño— o país que máis vacina e o que máis porcentaxe de poboación vacinada ten, a pesar de que o señor Feijóo, exercendo de profeta do fracaso, dubidaba do éxito do proceso e dixo, primeiro, que non íamos ter vacinas ata o segundo trimestre de 2021, e houbo vacinas a finais de 2020. Tamén puxo en dúbida que se cumprise o obxectivo do 70 % da poboación vacinada neste verán, e, se non hai ningún problema, vaise chegar a ese obxectivo; co cal o señor Feijóo terase equivocado na súa profesión de profeta do fracaso polo menos en dúas ocasións. E agora o señor Feijóo quéixase de que non ten suficientes vacinas, cando España é líder en vacinación; o cal implica un enorme cinismo e unha gran irresponsabilidade pola súa banda, porque hai que ser cínico e irresponsable para queixarse de falta de vacinas no país que lidera a vacinación no mundo.



Pero sendo o proceso de vacinación en España un éxito —éxito, evidentemente, relativo, porque todo é relativo nesta pandemia—, do que podemos sentirnos, polo tanto, colectivamente orgullosos, non podemos estar tranquilos, porque a porcentaxe de poboación vacinada cunha dose no mundo é do 27 %. Iso significa que máis do 70 % da poboación do mundo non recibiu nin unha dose da vacina e iso implica que hai un campo abonado para futuras mutacións. Por iso, necesitamos mellorar e reforzar dunha vez o noso sistema de rastrexo e o noso sistema de saúde pública.

Todo isto preocúpanos, sobre todo cando sabemos que o Goberno do PP pechou 600 camas en pleno verán de pandemia, que hai 1.000 profesionais sanitarios menos en atención primaria que no 2009, que non se cobren as baixas, que hai un déficit crónico de pediatras —especialmente no rural—, que moitos centros de saúde están desbordados e que hai listas de espera en atención primaria; é dicir, que hai que esperar dez ou quince días para que alguén teña unha primeira consulta médica, que pode ser telefónica, para derivalo, no seu caso, a un especialista, onde aínda terá que padecer outra lista de espera. E todo isto cando o tratamento da pandemia tensiona máis unha sanidade pública tensionada xa de por si, obriga a alongar a espera de tratamentos para enfermidades como o cancro, coas consecuencias que iso pode implicar, e cando a atención psicolóxica era case inexistente antes da pandemia. Sabemos que a situación psicolóxica da poboación empeorou na pandemia, despois de dezaseis meses de confinamento, restricións e illamento involuntario, sen contar a tensión asociada á crise económica e ás dificultades de moitas empresas e de tantos traballadores, comercios e autónomos.

Neste senso, queremos aproveitar para pedir que a Xunta estea á altura do que necesita dela a sociedade galega e á altura dos desafíos que temos por diante, que poden implicar que Galicia quede máis rezagada aínda do que xa está. O señor Feijóo foi, durante a última década, o campión do austericidio, que foi a resposta á anterior crise dos anos 2008 a 2013. Nesa crise deuse carta de natureza á idea errónea da austeridade expansiva, que danou toda a economía europea, e sinaladamente a española e a galega, mentres que nesta crise, a visión e a reacción tanto de Europa como do Goberno de España é radicalmente distinta, por iso, aí hai 140.000 millóns de fondos europeos Next Generation para España, que representan o 18,6 % do total dos 750.000 millóns, cando a poboación española representa o 9 % da poboación da Unión Europea; é dicir, que imos recibir o dobre do que nos correspondería por poboación, grazas á boa negociación que fixo na Unión Europea o Goberno do Estado nos primeiros momentos da pandemia, cando foi o primeiro en pedir un plan Marshall desde a Unión Europea. Ese Plan Marshall xa case está aquí, e ademais a Xunta recibiu desde o inicio da pandemia 1.800 millóns máis do Estado. O Goberno do Estado puxo en mans da Xunta arredor de 1.800 millóns de euros extra nesta pandemia. Levamos moitos meses repetindo que a Xunta non pode aproveitar ese financiamento adicional para facer caixa, porque non é o momento de cadrar as contas senón de salvar as persoas.

O señor Feijóo foi o campión do austericidio, pero estamos nun novo tempo e nunha nova situación que require novas formas de facer política. E o señor Feijóo non pode seguir facendo as mesmas cousas, porque iso implica manter a Galicia paralizada. O señor Feijóo non pode meter os cartos debaixo do colchón cando hai milleiros de pemes, milleiros de comercios, decenas de milleiros de autónomos que sufriron o golpe da pandemia e seguen hoxe a sufrir —en particular a hostalaría e o comercio— as consecuencias económicas



das restricións. Polo tanto, ao mesmo tempo que exercemos a responsabilidade de non facer demagogia...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: ...coas decisións sanitarias que se adoptan, reclamámoslle á Xunta unha vez máis que non faga caixa con ese financiamento adicional e que o poña nas mans e nos petos dos sectores máis desfavorecidos e máis afectados pola pandemia. E, para rematar, que informe neste Parlamento, facendo comparecer o conselleiro de Sanidade.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Arangüena.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Puy.

O señor PUY FRAGA: Moitas grazas, señor presidente.

Como vostede ben dixo ao inicio desta sesión, esta sesión non é para ter un debate sanitario, senón simplemente para ver se se convoca un pleno extraordinario para que compareza o conselleiro de Sanidade na Cámara en período non ordinario; polo tanto, ese é o obxectivo da miña intervención. O que pasa é que hai quen critica algunha cousa que pode fallar no conxunto do sistema sanitario e vén aquí dicir que hai que comparecer porque está todo funcionando mal, e incluso di que a Xunta non é capaz de predicir que vai facer o virus, como se todo o mundo soubera o que vai facer o virus. Aquí hai agora, de repente, tamén expertos en mutacións. O señor Arangüena parece que é un experto en mutacións, e eu non llo vou desmentir.

Pero, en fin, nós, certamente, agradecemos cando o Partido Socialista ou o Bloque se comportan con lealdade. Resulta fácil apoiar as decisións dun comité clínico. Estou seguro de que se existise un comité clínico a nivel nacional probabelmente o PP tamén se sentiría cómodo apoiando as decisións dun comité clínico coñecido, publicado, etc.

O certo é que estamos nunha quinta ola, cunha variante Delta que, por certo, o experto do Goberno dixo que ía ter unha escasísima incidencia en España hai apenas un par de meses, e que a Xunta está xestionando esta quinta ola creo que con acerto, porque o método segue a ser o mesmo; un método que ninguén cuestiona, un método que consiste en ter un comité clínico, coñecido, de expertos, que fan recomendacións, en función, efectivamente, da distinta evolución do propio virus, da distinta evolución da situación da saúde pública e de feitos obvios como que hai unha parte moi importante da poboación que en Galicia está xa vacinada.

A Xunta acaba de adoptar, seguindo as recomendacións do Comité Clínico, unha serie de medidas; unha serie de medidas que, ao igual que no pasado, estou seguro de que van contribuir a atallar a situación da expansión da variante Delta entre a xente nova. Efectivamente, a xente nova é a que está sufrindo esta situación de forma máis intensa, pero o certo é que



Galicia, en todo o período desde que comezou a crise, estivo sempre mellor que a media do conxunto de España en todos os ámbitos sanitarios, desde os índices de letalidade ao que foron os índices de transmisión do propio virus, insisto, coa excepción, efectivamente, agora da xente nova, que xa foi contada. Pero tamén é certo que a situación é completamente distinta porque vai cambiando e que a incidencia na poboación xove non ten o mesmo impacto no sistema sanitario público. Nestes momentos Galicia é a segunda comunidade autónoma que menos camas ten ocupadas por covid, a cuarta que menos ten en poboación en UCI, a cuarta tamén que ten menos camas ocupadas por covid e, finalmente, a taxa de ocupación hospitalaria por covid é a metade da media do conxunto de España.

Todo isto ten que ver con que, efectivamente, hai unha nova variante que se transmite fundamentalmente entre a xente moza. ¿E que é o que se está a facer? Primeiro, tomar medias concretas. Eu creo que volve a Xunta demostrar que está sendo pioneira ou que se anticipa a decisións que despois se debaten e se exportan ao conxunto de España e que está, digamos, no que están a facer os países máis desenvolvidos; por exemplo, a emisión dun certificado de vacinación, que permitirá o acceso á hostalería, e, polo tanto, impedirá o peche desta, que é algo que, de momento, só teñen dúas comunidades autónomas. Galicia foi a primeira que o puxo, e en España xa se está falando de seguir o exemplo doutros países, ou de Galicia, porque iso se puxo en marcha aquí.

Ou, por exemplo, o feito de que dentro do acceso aos locais se pida un certificado de non estar contaxiado, un test. É o acordo que se acaba de asinar coas farmacias, que integran e, polo tanto, incorporan a capacidade de ver quen está contaxiado e, polo tanto, dos contactos a todo o que é o sistema farmacéutico, as farmacias de Galicia. Pois isto tamén é unha medida nova que se anticipa a outras que posiblemente se acabarán adoptando.

E, certamente, tamén se reacciona. Pasouse dun pico de 130 positivos cada vez que se facían os tests a máis de 1.500 ao día. Inmediatamente a flexibilidade do sistema permitiu contratar a 250 persoas máis na Central de Seguimentos. Porque aquí o rastrexo —o que vostedes denominan «o rastrexo»— faino saúde pública, todo o sistema sanitario público. Primaria non está facendo rastrexos; primaria o que fai é o seguimento dos enfermos, pero isto, que está moi claro, porque xa foi exposto neta Cámara moitas veces, a vostedes dálles igual, porque seguen dicindo as mesmas cousas que dicían hai uns meses.

E, ademais, estase vacinando ben. España está á cabeza da vacinación da Unión Europea e Galicia está á cabeza da vacinación de España. Eran vostedes os que dicían non hai nada que o sistema sanitario non ía ser capaz de vacinar e de facer vacinacións masivas; eran vostedes os que dicían, con ese argumento de que se fixeron recortes e de que está desmantelada a sanidade pública en Galicia, que era imposible que fixeramos as vacinacións, e despois viuse que se están facendo, e, certamente, no momento en que veñan máis vacinas —eu son dos que defende a operación que fixo Europa dos contratos, que permitiron, entre outras cousas, que España estea á cabeza da vacinación dos países desenvolvidos, e agora anúnciase que van chegar máis de Pfizer, é unha excelente nova—, o sistema público galego, en contra do que vostedes dicían, será capaz de facer unha vacinación extraordinaria, exemplar, o que pon de relevo, primeiro, a capacidade dos seus profesionais da sanidade pública —aos que acabamos de recoñecer na Comunidade de Galicia no ámbito da vacinación—, pero tamén



que vostedes non están dicindo nada exacto con relación ao gasto sanitario, que se incrementou substancialmente con relación a anos anteriores e con relación ao persoal que traballa nun sistema de saúde, que tamén se incrementou de forma substancial con respecto á época na que vostedes estiveron no Goberno por última vez.

Nós imos seguir tomando as medidas de acordo co que diga o Comité Clínico. Cremos que, ademais, son razoables, porque compatibilizan ben a liberdade individual e a capacidade mesmo do dereito a ocio das persoas que non están contaxiadas ou que xa están vacinadas coa dobre dose, o cal á súa vez garante a actividade económica daqueles sectores que o están pasando peor como consecuencia da pandemia. E vemos que calquera que sexa o resultado que se busca na xestión da pandemia, en termos comparativos co conxunto de España, demostra que é unha falacia e un slogan que repiten constantemente o tema da deterioración da saúde pública e do austericidio, que tampouco se compadece en absoluto co que vostedes están a dicir.

O señor Arangüena segue falando do colchón e de que hai cartos. ¡Mire que mala sorte, que o último día que se falou disto no pleno, ao día seguinte a Airef dixo que Galicia tiña un déficit do 0,5! Vostede sabe que cando hai déficit é que se gastou máis do que se ingresou. Temos un déficit do 0,5 respaldado pola Airef e vostede segue hoxe aquí dicindo que estamos facendo caixa, deixando caer non sei que... Eu son un pouco clásico e non digo que a xente mente —vostede é moi locuaz cando fala de mentiras—, simplemente vou dicir que non estuda, que non le, que non reconece o que a propia Airef está dicindo, que Galicia este ano xa está en déficit do 0,5. Díxoo o mesmo día que o seu líder dicía que gardabamos os cartos no colchón. E vostede vén aquí e segue dicindo esa frase, que non se entende moi ben que é e o que quere dicir, pero que é profundamente inexacta con relación á xestión que está facendo a Xunta no ámbito financeiro.

Ben, nós pensamos que o razoable sería que a comparecencia tivese lugar no momento en que estas medidas que se acaban de adoptar —que, por certo, acaban de ser avaliadas polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, precisamente porque son equilibradas e ponderadas para a situación epidémica—... A Xunta, ademais, conta cun novo instrumento, que estivo paralizado como consecuencia dun recurso infundado por parte do Goberno central sobre a Lei de saúde que modificamos nesta Cámara. O lóxico e razoable sería esperar, para que o conselleiro comparecera nesta Cámara, á fin do ciclo epidemiolóxico deste pico de contaxios que todas as curvas demostran que xa empeza a declinar. Non obstante, falaba de método de principio, e unha das características do noso método, en contra tamén do que vostedes din, é a absoluta transparencia. Transparencia, por exemplo, no peche de camas. Hoxe vese que en España se van pechar 1.000 camas —todas as comunidades autónomas fan o mesmo—. O director xeral estivo hai pouco na Cámara e díxolles que o ano pasado o peche de camas era aproximadamente do 10 %-12 % e que incluso sobre ese peche de camas a asistencia, a ocupación, sobre un 85 % de camas abertas, non chegou ao 70 %. Todo isto é a planificación normal de calquera sistema de saúde para que o persoal que todos defendemos da sanidade pública teña dereito ás súas vacacións, e porque a realidade demostra cal é o uso real de camas, que está, en todo caso, previsto que se poidan abrir en canto fose necesario...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.



O señor PUY FRAGA: ...se houbera necesidade.

Tamén no peche de camas actuamos con transparencia, informando claramente de cal é a situación nos hospitais, e por iso non temos ningún inconveniente en que compareza o conselleiro e imos votar a favor da petición do Bloque. Primeiro, por convicción de que, nunha situación extraordinaria e cando se están facendo as cousas razoablemente ben, non hai ningún inconveniente en que o conselleiro compareza. Pero o certo é que despois de escoitar as cousas que vostedes repiten, e repiten, e repiten, e que son absolutamente incertas, pois creo que é bo que veña o conselleiro unha vez máis a ver se desta vostedes son capaces de recoñecer que o funcionamento do sistema galego público de saúde está sendo exemplar, e niso ten que ver, evidentemente, non só a capacidade —que ninguén discute— dos propios profesionais da medicina en Galicia —da medicina pública—, aos que lles agradecemos o esforzo que están a facer nesta pandemia, senón tamén a capacidade de xestión, de organización, de anticipación e de adopción de medidas por parte dunha administración que, evidentemente, está actuando de boa fe para minimizar en todos os ámbitos os efectos dunha pandemia imprevista que, efectivamente, non sabemos por onde vai ir, pero da que si temos algunhas certezas, por exemplo, a capacidade de resposta do noso sistema de saúde e tamén a capacidade de resposta dos organismos humanos ás vacinas, que esperamos que pronto poidan estenderse ao conxunto da poboación.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Para a rolda de peche do grupo proponente, a señora Prado.

A señora PRADO CORES: Grazas, presidente.

A verdade é que o BNG se parabeniza de que o Partido Popular deixe por un momento a súa realidade paralela de intentar trasladar o relato de que todo vai fantásticamente ben e de que desde a Xunta nada se pode facer distinto do que fan, porque iso vostede sabe que non é así.

Primeiro, sería bo que deixaran de agocharse detrás do Comité Clínico, porque o Comité Clínico é un órgano consultivo, non executivo; quen ten que tomar as decisións e quen ten a responsabilidade de tomar esas decisións é o Goberno da Xunta, o presidente, o conselleiro, o conxunto do Goberno, aínda que en cada comparecencia pareza que soamente se limitan a facer de altofalantes do que decida o Comité Clínico, cando vostedes saben que non é exactamente así.

A min, desde logo, paréceme grave que vostedes non sexan capaces de asumir a realidade de como está evolucionando a pandemia, que non sexan capaces de asumir, nin de recoñecer, que o sistema de rastrexo en Galiza non está funcionando nin que ese sistema de rastrexo o están facendo desde a atención primaria. Non é certo, señor Puy, que desde primaria se faga o seguimento de positivos. Desde primaria faise o seguimento de positivos, faise a comunicación de positivos e a petición de probas; unha atención primaria que está ao límite.



¿Como cre vostede que poden dar conta de todo o traballo ordinario que veñen facendo, ao que se lle sumou toda a carga da pandemia, cos cadros de persoal, en moitos casos, ao 40 %, ao 50 %, e nalgúns casos aínda por debaixo desas cantidades? Vostede di que está funcionando fantasticamente ben o sistema de saúde. Non, o que pasa é que está o persoal respondendo moi por riba das súas posibilidades e, a pesar diso, vostedes o único que fan é difamalos e vilipendialos. Eu pedinlle, en nome do BNG, que desautorice a Telmo Martín e lle exixa rectificación a respecto das súas declaracións. Cando vostede non dixo nada, supoño que é que o Partido Popular avala esas declaracións onde acusa o persoal de facer política e de desatender o seu traballo. Insisto, un persoal no que tres están facendo o labor de dez. Gustaríame que o Partido Popular dixera algo ao respecto, que dixera se está de acordo con estas declaracións e se vai exixirlle esa rectificación ao alcalde do Partido Popular do concello de Sanxenxo.

Tamén me parece moi grave que vostedes non sexan capaces de recoñecer a posición errática, irresponsable e sospeitosa a respecto da apertura da autocita de vacinación para menores de 16 a 19 anos. ¿Cal é a xustificación? É que non hai ningunha xustificación, e é preciso, efectivamente, que se explique neste Parlamento, porque este Parlamento ten a función de fiscalizar o labor do Goberno e de facer seguimento. Non é simplemente unha recollida de conclusións, como vostedes pretenden dicir, e cando pase todo xa lle viremos explicar cal foi o resultado. Este Parlamento ten un labor de control e fiscalización, e é o que pretende facer o BNG pedindo esta comparecencia.

Miren, na táboa de actualización do Ministerio do 25 de xullo pon claramente que de 12 a 19 anos o nivel de incidencia é de 2.266 e no de 20 a 29 é de 2.543. A pesar disto, ¿por que teñen este comportamento errático que ninguén é capaz de entender? A vostede parécelle que todo funciona ben, pero isto, este tipo de cousas, merecen unha explicación. Igual que vostede acaba de dicir que está de acordo coa actuación que fixo a Unión Europea a respecto das vacinas. Pois debería dicirlle ao presidente do seu partido que esas comparecencias continuas dicindo que fariamos máis se houbera vacinas, responsabilizando non se sabe a quen, igual non é o máis acaído, sobre todo porque non hai vacinas. E a pregunta é: ¿que fixo o Partido Popular, o presidente da Xunta, para presionar, facer xestión e buscar alternativas? Porque o que fixo foi: absolutamente nada; precisamente, avallar esa actuación da Unión Europea e do Goberno do Estado de deixar que sexan as multinacionais farmacéuticas as que tomen as decisións e que, por suposto, baseen esas decisións en garantir os seus beneficios e non a protección da saúde e a vida da maioría da poboación. Un Partido Popular que se ten manifestado sistematicamente en contra da liberalización de patentes e de que, polo tanto, se poidan producir en cantidades suficientes para que estea vacinada a poboación, non soamente a galega ou a do Estado español, senón a nivel global, porque en tanto non estea esa vacinación realizada é evidente que non estaremos protexidos todos.

Polo tanto, insisto, parabenizámonos de que compareza o conselleiro porque, por moito que vostedes digan que aquí non pasa nada e que todo se está facendo perfectamente, hai que explicar por que non hai rastrexadores, por que se lles están dando unhas indicacións a unhas persoas e ás do lado outras distintas, por que hai moitas persoas ás que non se lles está facendo absolutamente ningún seguimento, ás que ninguén chama, por que a situación



da atención primaria vai colapsar dun día para outro e por que hai este comportamento errático no tema das vacinas. Tamén é bo que o conselleiro nesta comparecencia explique...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...que vai facer a respecto do orzamento, porque vostedes acaban de presentar unha proposta de teito de gasto á baixa, e é evidente que deberá explicar como se van contemplar esas necesidades de recursos que necesita a sanidade pública en xeral, e en especial a atención primaria, nese orzamento para que esa situación —insisto— de colapso en moitos centros de saúde deixe de producirse.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Rematado o debate desta Deputación Permanente sobre o documento 19105, que é a solicitude de comparecencia do conselleiro de Sanidade, votamos.

Votación da solicitude das deputadas e deputados do G. P. do Bloque Nacionalista Galego para que se proceda á convocatoria dun pleno extraordinario que inclúa na orde do día a comparecencia do conselleiro de Sanidade para informar sobre as medidas para frear a quinta onda da covid-19, o colapso da atención primaria e dos servizos de urxencia e o funcionamento do sistema de rastrexo de persoas positivas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 23.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta solicitude por unanimidade.

O señor PRESIDENTE: Polo tanto, remata aquí esta deputación permanente, e na Xunta de Portavoces ordenaremos os debates.


Remata a sesión ás doce e corenta e cinco minutos do mediodía.



RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Aira Díaz, María del Carmen	(BNG)	39. Pazos Couñago, José Alberto	(P)
2. Álvarez Martínez, Luis Manuel	(S)	40. Pérez Fernández, Rosana	(BNG)
3. Amigo Díaz, María Encarnación	(P)	41. Pérez López, Daniel	(BNG)
4. Arangüena Fernández, Pablo	(S)	42. Pérez López, Noelia	(P)
5. Arias Rodríguez, Raquel	(P)	43. Pomar Tojo, Carmen María	(P)
6. Armada Pérez, José Antonio	(P)	44. Pontón Mondelo, Ana	(BNG)
7. Balseiro Orol, José Manuel	(P)	45. Porro Martínez, María Corina	(P)
8. Bará Torres, Xosé Luís	(BNG)	46. Prado Cores, María Montserrat	(BNG)
9. Caballero Miguez, Gonzalo	(S)	47. Prado del Río, Paula	(P)
10. Calvo Pouso, Diego	(P)	48. Presas Bergantiños, Noa	(BNG)
11. Candia López, María Elena	(P)	49. Puy Fraga, Pedro	(P)
12. Carballo Páez, Ramón	(P)	50. Queixas Zas, Mercedes	(BNG)
13. Carreira Pazos, Iria	(BNG)	51. Quintana Carballo, Rosa María	(P)
14. Castro García, Daniel	(BNG)	52. Rey Varela, José Manuel	(P)
15. Castro Rey, Paloma	(S)	53. Ríos Santomé, Paulo	(BNG)
16. Conde López, Francisco José	(P)	54. Rivas Cruz, Xosé Luís	(BNG)
17. Díaz Mouteira, María Sol	(P)	55. Rodeiro Tato, Ovidio	(P)
18. Díaz Varela, Noa Susana	(S)	56. Rodil Fernández, Olalla	(BNG)
19. Egerique Mosquera, Teresa	(P)	57. Rodríguez Carrera, María Felisa	(P)
20. Fernández Alfonzo, Ramón	(BNG)	58. Rodríguez Dacosta, María del Carmen	(S)
21. Fernández Gómez, Alexandra	(BNG)	59. Rodríguez González, Román	(P)
22. Ferro Iglesias, José Luis	(P)	60. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	(P)
23. Francisco Rivera, Juan Carlos	(S)	61. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña	(S)
24. Gallego Sanromán, María Leticia	(S)	62. Rueda Valenzuela, Alfonso	(P)
25. García Martínez, Fabiola	(P)	63. Santalices Vieira, Miguel Ángel	(P)
26. García Vidal, Ana Belén	(P)	64. Santos Costa, Manuel	(P)
27. González Albert, María	(BNG)	65. Sanz Arias, Cristina	(P)
28. González Iglesias, María do Carme	(BNG)	66. Seco García, Martín	(S)
29. González Vázquez, José	(P)	67. Suárez Sarmiento, María Elena	(P)
30. Lourenzo Sobral, Manuel Antonio	(BNG)	68. Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago	(BNG)
31. Lorenzo Gómez, Rubén	(P)	69. Tellado Filgueira, Miguel Ángel	(P)
32. Martínez García, Valeriano	(P)	70. Torrado Quintela, Julio	(S)
33. Murillo Solís, María Guadalupe	(P)	71. Vázquez Domínguez, Sandra	(P)
34. Nóvoa Iglesias, Marta	(P)	72. Vázquez Mejuto, María Ángeles	(P)
35. Núñez Feijóo, Alberto	(P)	73. Vázquez Mourelle, Ethel María	(P)
36. Ortega Otero, Marina	(S)	74. Vega Pérez, Daniel	(P)
37. Otero Lago, Noelia	(S)	75. Verea Fraiz, Borja	(P)
38. Otero Rodríguez, Patricia	(S)		





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

